

DOMINGO 29 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Is 45, 1. 4-6

Collín a man dereita de Ciro para someter ante sí aos pobos

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Así fala o Señor acerca do seu unxido,
Ciro, a quen eu collín da man dereita:
el someterá ante si aos pobos, eu descubrirei ante el o lombo dos reis.
El abre ante si os portóns dobres, as portas non se pecharán ante el.
Por causa do meu servo, Xacobe, e de Israel, o meu elixido.
Si, chameite polo teu nome; creeite, aínda que non me coñecías.
Eu son o Señor e non hai outro, fóra de min non hai deus.
Ameite, aínda que non me coñecías,
para que se saiba desde o nacente ao solpor que non hai cousa sen min.
Eu son o Señor e non hai outro,

SALMO RESPONSORIAL Sal 95, 1 e 3. 4-5. 7-8. 9-10a e c
R/ (7b): **Tributade ao Señor honor e forza**

Cantádelle ao Señor un cántico novo,
cántalle ao Señor, terra enteira;
cantade entre as xentes a súa gloria;
ante todos os pobos, as súas marabillas.

Grande é o Señor e digno de louvanza,
máis temible ca todos os deuses.
Os deuses das nacións son aparencia,
pero o Señor fixo os ceos.

Tributade ao Señor, pobos todos,
tributade ao Señor honor e forza,
tributade ao Señor a gloria do seu nome.
Collede ofrendas, entrade nos seus adros,

adorade o Señor con vestido sagrado,
treme na súa presenza a terra enteira.
Dicide entre as xentes:
goberna os pobos rectamente".

SEGUNDA 1 Tes 1, 1-5b

Facemos memoria da vosa fe e da caridade e da esperanza

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS TESALONICENSES

Paulo, Silván e mais Timoteo, á Igrexa dos tesalonicenses, en Deus Pai e no Señor Xesús Cristo: deséxanvos graza e paz.

Decote damos grazas a Deus por todos vós, facendo memoria de vós nas nosas oracións. Continuamente nos lembramos diante de Deus, noso Pai, da actividade da vosa fe, do esforzo da vosa caridade e da firmeza da vosa esperanza no noso Señor Xesús Cristo.

Ben sabemos, irmáns, benqueridos de Deus, que El vos escolleu. Porque o noso Evanxeo non quedou en palabras no voso caso senón que se volveu forza exuberante do Espírito Santo.

ALELUIA Filp 2, 15d. 16a:

Luciredes coma luminarias no mundo, aportando a palabra de vida

DOMINGO 29 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 22, 15-21

Dádelle ao cesar o que é do cesar, e a Deus o que é de Deus

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela os fariseos fóronse reunir para veren o xeito de pillar a Xesús nalgún dito. E mandáronlle algúns dos seus discípulos e dos partidarios de Herodes, que lle preguntaron:

- Mestre, sabemos que es sincero: que ensinas o verdadeiro camiño de Deus e que non andas con miramentos, porque non te deixas levar polos respectos humanos. Dinos, logo, que che parece: está permitido pagarlle o tributo ao Cesar ou non?

Xesús, catando a malicia, contestoulles:

- Por que me queredes comprometer, hipócritas? Mostrádeme a moeda do tributo.

Eles presentáronlle un denario. E el preguntoulles:

- De quen é esta imaxe e de quen fala esta inscrición?

Contestáronlle:

-Do César.

Entón replicoulles:

-Pois logo dádelle ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus.